

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👤 Básico 👤👤 Medio 👤👤👤 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel 👤👤👤



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-OF-Óptica/Fotónica
Xelatina óptica dispersiva

Actividades elaboradas coa colaboración de

aimen
CENTRO TECNOLÓGICO

Xelatina óptica dispersiva

Achega



- Cubeta transparente.
- Punteiros láser (podes empregar o que ven no kit e tamén algún outro que teñas dispoñible de diferente cor), lanterna (opcional).
- Xelatina de diversos sabores/cores, azucre, sal de mesa...

Observa

- Prepara unha cubeta con auga, ponte nun lugar con pouca luz e sitúa o punteiro nun extremo da cubeta.
- Imos explorar máis en detalle os fenómenos de refracción da luz.

Indaga

- O raio de luz do punteiro, vese a través da auga? E se esa auga leva azucre ou sal? E se leva moito azucre ou sal? E se leva colorante alimentario? Con que outros aditivos podes probar? Por que cres que se ve ou non se ve? Dá igual calquera cor? Mesmo se a auga leva colorante?
- Prepara xelatina alimentaria transparente e de varios sabores/cores en cubetas transparentes. E agora? Vense os raios de luz do punteiro? Cando? Por que cres que se ven ou non se ven? Se se ven, vense todos igual de ben ou hai diferenzas?
- Cando consigas ver o raio a través dun medio (auga soa, con sal, con xelatina...) move o raio arriba ou abaixo sen mover a cubeta. O raio mantense recto? Curvase ou tórcese? Mantense definido ou desenfoca? Se hai alteracións, por que cres que ocorren?
- Agora deixa o raio estable e move a cubeta a un lado e a outro. Hai algunha modificación?
- Que pasa cando o raio bate contra a superficie da xelatina? Es quen de romper o raio? Como?



Sigue o código QR do reverso para máis información.
Emprega o acceso de convidados.

